

**COMUNICACIÓN PREVIA DE CAMBIO DE TITULARIDADE ACTIVIDADES****1. DATOS DA PERSOA SOLICITANTE**

NOME/RAZÓN SOCIAL		PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO		
NIF		CORREO ELECTRÓNICO	TELÉFONO		
TIPO DE VÍA	NOME DE DÍA		NÚM.	ANDAR	PORTA
PARROQUIA		CONCELLO	PROVINCIA	CP	

**2. DATOS DO REPRESENTANTE** (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

NOME/RAZÓN SOCIAL		PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO		
NIF		CORREO ELECTRÓNICO	TELÉFONO		
TIPO DE VÍA	NOME DE DÍA		NÚM.	ANDAR	PORTA
PARROQUIA		CONCELLO	PROVINCIA	CP	

**3. DATOS DA ACTIVIDADE**

Actividade:
Nome comercial:
Emprazamento:
Referencia catastral:
Cubrir a que corresponda: A) Expediente de actividade (en tramitación): B) Licenza de actividade n.º: C) Data rexistro comunicación previa:
Titular da licenza: Titular da comunicación previa:
Transmisión da licenza ou comunicación previa: <input type="checkbox"/> INTER VIVOS <input type="checkbox"/> MORTIS CAUSA

**COMUNICA AO CONCELLO DE REDONDELA** a transmisión da licenza ou comunicación previa, no seu caso, de actividade, de conformidade co disposto na normativa de aplicación, e **DECLARA** que.

- Son certos os datos que figuran na presente comunicación.
- Que achega toda a documentación preceptiva.
- Que se subroga en todos os dereitos e obrigas derivados da licenza ou comunicación previa, no seu caso.
- Que as características do local e a actividade seguen sendo as mesmas que as contempladas na licenza ou comunicación previa que se transmite.
- Que o establecemento mantén as mesmas condicións que tiña cando foi iniciada a actividade, e que se compromete a manter o seu cumprimento durante o tempo de exercicio da actividade.
- Que o establecemento non cesou a actividade por tempo superior ininterrompido de 1 ano.

Redondela, \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ 20\_\_

Asinado:

**SR. ALCALDE DO CONCELLO DE REDONDELA**

*ADVIRTESELLE QUE* consonte co artigo 69 aptdo 4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, "a inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato ou información que se incorpore a unha declaración responsable ou a unha comunicación, ou a non presentación ante a Administración competente da declaración responsable, a documentación que sexa no seu caso requirida para acreditar o cumprimento do declarado, ou a comunicación, determinará a imposibilidade de continuar co exercicio do dereito ou actividade afectada dende o momento no que se teña constancia de tales feitos, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas á que houbera lugar." *Así mesmo, a resolución da Administración Pública que declare tales circunstancias poderá determinar a obriga do interesado de restituir a situación xurídica ao momento previo ao recoñecemento ao exercicio do dereito ou ao inicio da actividade correspondente, así como a imposibilidade de instar un novo procedemento co mesmo obxecto durante un período de tempo determinado, todo iso conforme aos termos establecidos nas normas sectoriais de aplicación.*

**Veáse a referencia á información básica sobre a protección de datos.**

**DOCUMENTACIÓN PARA PRESENTAR:**

- Impreso asinado por persoa física ou xurídica, ou representante, acreditando en tal caso dita representación.
- Se o solicitante é unha persoa xurídica, a persoa que asina a petición achegará documentación acreditativa da súa representación (fotocopia da escritura pública de constitución da sociedade, poder, etc).
- Fotocopia do NIF, NIE ou CIF do/a antigo titular e do novo/a titular e dos representantes, no seu caso.
- Documento público ou privado que acredita a transmisión “*inter vivos*” ou “*mortis causa*”, ben da propia licenza ou comunicación previa, ou ben da propiedade ou posesión do inmovible, onde queda acreditado a transmisión da licenza ou comunicación previa, de ser o caso.
- Xustificante do pagamento das taxas municipais.
- Xustificante da alta no I.A.E. do novo titular da licenza ou da comunicación previa.

**Os suxeitos definidos no artigo 14.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, terán que empregar obrigatoriamente medios electrónicos para relacionarse co concello. A través da sede electrónica: [www.redondela.sedelectronica.gal](http://www.redondela.sedelectronica.gal)**

**Os proxectos e documentación que se presente a través da sede electrónica do Concello de Redondela deberán estar asinados e visados, no seu caso, dixitalmente.**

**INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS**

LEXITIMACIÓN PARA O TRATAMENTO DOS DATOS	Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local. Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia. Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.
FINALIDADE DO TRATAMENTO DOS DATOS	Xestión deste procedemento para a transmisión do título habilitante de actividades.
DESTINATARIOS	Os datos persoais non serán comunicados a un terceiro, a non ser que deban facilitarse en cumprimento dunha obrigaón legal.
DEREITOS	Pode exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación, oposición e portabilidade, cando este último legalmente proceda, enviando unha comunicación a: <a href="mailto:dpd@redondela.gal">dpd@redondela.gal</a> Pode acceder a modelos de formulario para exercer estes dereitos na seguinte dirección <a href="http://redondela.gal/gl/politica-de-privacidade">http://redondela.gal/gl/politica-de-privacidade</a> Tamén lle serán facilitados presencialmente no Rexistro Xeral do Concello.
INFORMACIÓN ADICIONAL	Pode consultar a información adicional e detallada sobre protección de datos na seguinte url <a href="http://redondela.gal/gl/politica-de-privacidade">www._ http://redondela.gal/gl/politica-de-privacidade</a>

**Veáese a referencia á información básica sobre a protección de datos.**